

## PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE

Tendo solicitada axuda en base á *Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro de 2020)*, e vista a resolución da Consellería de Economía de Emprego e Industria de data 10 de xuño de 2020,

### DISPOÑO:

- Incócese expediente para a contratación de 1 persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- O contrato a formalizar será a xornada completa, por un período de 9 meses, clasificado no grupo E, para a realización de tarefas relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa (código do procedemento TR351G), co obxecto de proporcionarlle a experiencia e práctica profesional necesarias para a súa inserción laboral.
- Incorpórense ao expediente as bases de selección que garantan os principios de igualdade, mérito e capacidade, o preceptivo certificado de existencia de crédito e demais documentación complementaria prevista na Lei.

Documento asinado electronicamente.

